

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2006**

**CONCORRENTES**

**Presidente:**

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

**Concelleiros**

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González(CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal(CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Luis Purriños Pena(CIM)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don José María Laya Carril (CIM)

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

**Secretario:**

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de actos do Centro Social da Rúa de Miño, habilitado como salón de plenos do Concello polas obras que se realizan na Casa do Concello, unha vez que se deu cumprimento ao que dispón o art. 85 do ROF, ás doce horas e corenta e cinco minutos do día seis de novembro de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros: don Jesús Veiga Sabín; dona Eva María Vilariño González; don Juan José Herva Mallo; dona María Rosario Manso López; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don José María Laya Carril; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asiste á sesión don Antonio Medín Pena.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia, queda sobre a mesa a aprobación da acta da sesión anterior, correspondente ao día 16 de outubro de 2006, sinalando algún concelleiro que non se lle entregara a acta.

**2.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS.-** Visto o expediente de modificación das ordenanzas fiscais, co fin de actualizar estas coa subida do IPC internanual a setembro de 2006, 2,9%.

De conformidade co ditame da Comisión de Facenda e coa abstención do concelleiro Sr. Laya Carril e o voto en contra da subida na Ordenanza polo prezo público pola prestación do servizo de Protección civil do concelleiro do BNG, Sr. Abreira Sobrado, e dez votos a favor dos demais membros asistentes á sesión, o Pleno do Concello **acorda:**

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente as modificacións das ordenanzas fiscais, nº 4 reguladora da taxas polo servizo da recollida de lixo, nº 5 reguladora da taxa pola rede de sumidoiros, ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de alugueiro, ordenanza fiscal nº 8 reguladora do prezo público pola ocupación do solo, subsolo e voo da vía pública, ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa pola subministración de auga, ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valados e outras instalacións análogas, ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa polo servizo de axuda a domicilio, ordenanza fiscal nº 16 reguladora do prezo

público pola utilización do polideportivo municipal e ordenanza fiscal nº 19 reguladora do prezo público por prestación do servizo de Protección civil.

**Segundo.-** A modificación entraría en vigor o 1 de xaneiro do 2007, e manteríase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Terceiro.-** Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como os textos completos das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o período de exposición pública das ordenanzas, os que teñan interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos provisionais quedarán definitivamente aprobados.

**Cuarto:** Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como os textos das ordenanzas fiscais modificados.

**3.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS E DO ESTADO DA DÉBEDA DO EJERCICIO 2006.-** Visto o expediente tramitado para modificar o anexo de investimentos do exercicio 2006 e a modificación do estado da débeda neste exercicio 2006.

De conformidade co ditame da Comisión de Facenda e o informe da interventora municipal, o Pleno do Concello, coa abstención dos concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Sr. Laya Carril e dez votos a favor dos asistentes á sesión **acorda:**

**Primeiro.-** Modificar do anexo de investimentos do exercicio 2006 alterando o proxecto 08 "Obra de saneamento integral do Concello de Miño", o cal se financiará como consecuencia da concertación da operación de crédito, en 1.000.0000 euros con este recurso. E, por outra banda, proceder á inclusión da relación de obras determinadas na providencia de inicio que están integramente financiadas co préstamo concertado con Caixa Galicia.

Modificar o estado da débeda do exercicio 2006 incorporando ao mesmo a operación concertada con Caixa Galicia por importe de 3.725.276,50 euros.

Incorpóranse como anexos os estados modificados.

**Segundo.-** De conformidade co establecido no artigo 169 do TRLRFL proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos do Concello.

**Terceiro.-** O expediente entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

O Sr. Abraira Sobrado, concelleiro do BNG, sinalou que non se lle contestara por escrito ás obras que tiña que executar Fadesa como adxudicataria do desenvolvemento do Plan parcial Perbes-Vilanova; e contesta o Sr. Herva Mallo que as obras que tiña que executar Fadesa a maiores están feitas e as de Bermaño a Cerdeirido e outros inclúense nos investimentos municipais e vanse executar proximamente.

O Sr. alcalde manifestou que entendemos estar dando resposta á pregunta do BNG.

O concelleiro do PSG-PSOE, Sr. Cortizas, pregunta se estas obras realízaas Fadesa por melloras e o Sr. Herva Mallo contesta que as obras relativas ás melloras xa as executaron.

**4.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2006.-** Visto o expediente tramitado de suplemento de crédito núm. 3/2006, os informes e documentos unidos e o ditame favorable da Comisión de Facenda, o Pleno do

Concello, co voto en contra do concelleiro Sr. Abraira Sobrado do BNG e a abstención do concelleiro Sr. Laya Carril e dez votos a favor dos demais membros asistentes á sesión, **acorda:**

**Primeiro.**- Aprobar o expediente núm. 03/2006 de suplemento de crédito por un importe global de 141.774,38 € conforme ao seguinte detalle:

PARTIDA DENOMINACIÓN	/	IMPORTE (€)	FINANCIACION	
			BAIXAS/ PARTIDA (€)	RLTGX (€)
011/913.00 Débeda pública. Amortización de préstamos		85.000,00	20.000,00 (314/16000) 17.400,00 (432/22712) 34.000,00 (453/61100)	13.600,00
432/63201 Urbanismo e arquitectura. Inversión de reposición. Local de Rabazal		18.000,00	6.000,00 (121/141.00) 12.000,00 (121/227.09)	
452/212.00 Educación física, deportes e esparexemento. Reparación e mantemento de edificios		3.000,00		3.000,00
441/611.01 Saneamento, abastecemento e distribución de auga. Inversión de reposición. Obras menores na rede de saneamento		15.640,24	9.000,00 (121/227.09)	6.640,24
432/226.09 Urbanismo e arquitectura. Outros gastos		4.000,00	4.000,00 (452/610.00)	
611/227.08 Administración financeira. Servizos de recadación		16.134,14	16.134,14 (452/610.00)	

-Partidas nas que se minora o crédito (baixas)

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
314/160.00	Pensións e prestacións sociais. Seguridade social	20.000
121/141.00	Administración Xeral. Outros contratos	6.000
432/227.12	Urbanismo e arquitectura. Outros contratos. Revisión do PXOM	17.400
453/611.00	Arqueoloxía e protección do patrimonio histórico-artístico. Inversión de reposición. Rectoral de Leiro	34.000
121/227.09	Administración xeral. Outras contratacións.	21.000
452/610.00	Educación física, deportes e esparexemento. Inversión de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	20.134,14
<b>SUMAS TOTAIS</b>		<b>118.534,14 €</b>

**Segundo.**- Financiar o expediente núm. 03/2006 de suplementos de crédito mediante remanente líquido da Tesourería para gastos xerais por importe de 23.240,24 euros e mediante baixas por anulación de créditos por importe de 118.534,14 €.

**Terceiro.**- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do

apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos deste Concello.

**Cuarto.-** O expediente entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

**5.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 5/2006.-** Dada conta do expediente tramitado de crédito extraordinario 5/2006, dos informes unidos e do ditame favorable da Comisión de Facenda, o Pleno do Concello coa abstención do concelleiro do BNG, Sr. Abraira Sobrado, e once votos a favor dos demais membros asistentes á sesión, **acorda:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente núm. 05/2006 de créditos extraordinarios por un importe global de 17.500,00 €, financiado con baixas por anulación de crédito conforme ao seguinte detalle:

Partidas que se crean mediante o crédito extraordinario:

<b>PARTIDA</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
432/611.03	Urbanismo e arquitectura. Investimento de reposición de infraestrutura e bens dedicados ao uso xeral. Instalación de varanda na escola infantil municipal	6.200,00
432/601.03	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo de infraestrutura e bens dedicados ao uso xeral. Xardíns no Apeadeiro.	4.300,00
452/622.00	Educación física, deportes e esparexemento. Investimento novo asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Bancadas e mampara no campo de fútbol de Gallamonde	7.000,00
	<b>SUMAS TOTAIS</b>	<b>17.500,00</b>

O financiamento realízase con cargo a baixas por anulación de créditos das partidas 452/610.00 por importe de 10.500,00 € e 533/611.00 por importe de 7000 €.

**Segundo.-** De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos deste Concello.

**Terceiro.-** O expediente entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás trece horas e quince minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente

O secretario